

ANALISTA-PROGRAMADOR. PRIMEIRO EXERCICIO.

1 - O patrón SINGLETON permite:

a) Ter unha única instancia dunha clase e esta instancia non pode ser usada por outras clases

b) Ter unha única instancia dunha clase, á vez que permite que todas as clases teñan acceso a esa instancia

c) Ter unha única instancia dunha clase á que só pode acceder o primeiro método que a chama

2 - O patrón BUILDER úsase para:

a) Implementar o construtor dunha clase

b) Ter varios métodos construtores nunha clase

c) Simplificar a creación de obxectos complexos

3 - A edición de Java para contornas de empresa é:

a) Java ME

b) Java SE

c) Java EE

4 - O API estándar de acceso a bases de datos en Java é:

a) ODBC

b) JDBC

c) JPA/Hibernate

5 - Un resultset jdbc de tipo TYPE_SCROLL_INSENSITIVE

a) Pode ver os rexistros engadidos á base de datos despois de executar a consulta

b) Pode ver só os rexistros que cumpren as condicións da consulta no momento de executar a consulta

c) Pode avanzar o cursor só cara a diante e é insensitivo ao final do cursor

6 - Un TRIGGER nunha contorna de base de datos é:

a) Unha acción que se executa despois de cada instrución

b) Unha acción que se executa ante un determinado evento de maneira automática

c) Unha acción que se executa cada certo tempo

7 - Temos o seguinte código Java:

```
int a = 10;
```

```
int b = 37;
```

```
int z = 0;
```

```
int w = 0;
```

```
if (a == b) {
```

```
    z = 3;
```

```
} else if (a b) > {
```

```
    z = 6;
```

```
}
```

```
w = 10 * z;
```

Canto vale w?

a) 0

b) 30

c) 60

8 - Temos a seguinte instrución sql de ORACLE

```
SELECT *
```

```
FROM a
```

```
JOIN b ON b.c1 = a.c1
```

Que obtemos?

a) A instrución non é correcta

b) Combina os rexistros da táboa "a" cos da táboa "b" e queda co produto dos que cumpren a condición b.c1 = a.c1

c) Combina os rexistros da táboa "a" cos da táboa "b" e queda cos valores da táboa "a" e cos da táboa "b" que existan e cumpran a condición b.c1 = a.c1 ou con valores nulos para a táboa "b" cando non hai correspondencia.

9 - Maven:

- a) É unha ferramenta para formatear código
- b) É unha ferramenta para automatizar tarefas**
- c) É un IDE para construír aplicacións web

10 - O API de EJB forma parte de:

- a) J2EE**
- b) .net
- c) PHP

11 - Spring Framework é:

- a) Un framework para o desenvolvemento de aplicacións PHP
- b) Un framework para o desenvolvemento de aplicacións .net
- c) Un framework para o desenvolvemento de aplicacións Java**

12 - Javascript é unha linguaxe:

- a) Funcional
- b) Imperativa
- c) As dúas anteriores son certas**

13 – Os destinatarios do Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) son:

- a) Calquera administración pública**
- b) Só é para a Administración Xeral do Estado
- c) Axencia Tributaria, Tráfico e Seguridade Social

14 – A Lei 59/2003 con respecto á firma electrónica di:

- a) Que calquera firma electrónica é equivalente á manuscrita
- b) Que só a firma electrónica avanzada é equivalente á manuscrita**
- c) Que a firma electrónica e a firma electrónica avanzada son o mesmo

15 – Temos a táboa T e queremos engadir o campo C2, en SQL de ORACLE temos que usar a instrución:

- a) MODIFY TABLE t ADD COLUMN (c2 VARCHAR2(10))
- b) ALTER TABLE t ADD COLUMN (c2 VARCHAR2(10))
- c) ALTER TABLE t ADD (c2 VARCHAR2(10))**

16 – Temos a táboa T e queremos modificar o tamaño do campo C2 a 50 caracteres, en SQL de ORACLE temos que usar:

- a) ALTER TABLE t MODIFY (c2 VARCHAR2(50))**
- b) ALTER TABLE t SET COLUMN(c2 VARCHAR2(50))
- c) MODIFY TABLE t ALTER COLUMN(c2 VARCHAR2(50))

17 - Temos a seguinte clase Java:

```
package gal.dicoruna.exemplo;
```

```
public class C {  
protected String v;
```

```
...  
}
```

A variable “v” pode ser accedida desde:

- a) Calquera sitio pero só lectura si é fora do paquete
- b) Desde a clase, o paquete, subclasses e todos sitios
- c) Desde a clase, o paquete, subclasses**

18 – Do seguinte bloque de código Java

```
try {  
    instruccionesBloque1;  
} catch (Exception ex) {  
    instruccionesBloque2;  
} finally {  
    instruccionesBloque3;  
}
```

a) Execútanse as instrucións do bloque1 e si se produce un erro, sae e executa as instrucións do bloque2 e termina

b) Execútanse as instrucións do bloque1 e si se produce un erro, sae e executa as instrucións do bloque3 e termina

c) Execútanse as instrucións do bloque1 e si se produce un erro, sae e executa as instrucións do bloque2 e as do bloque3 e termina

19 – No framework de coleccións de Java un Set é:

a) Unha colección que non pode conter elementos duplicados

b) Unha colección ordenada que pode conter elementos duplicados

c) Un obxecto que mapea conxuntos de clave valor e non pode conter valores duplicados

20 - En Java un Iterator é:

a) Un interface que proporciona os métodos para borrar elementos dunha colección

b) Un interface que proporciona os métodos para percorrer os elementos dunha colección e posibilita o borrado de elementos

c) Un interface que proporciona os métodos para ordenar os elementos da colección.

21 – En Java unha excepción de tipo unchecked:

a) Non necesita declararse nun método ou construtor e se propaga automaticamente fora do método

b) Ten que propagarse manualmente

c) Hai que usar sempre un bloque try catch

22 – En Java a diferenza entre throws e throw é:

a) throws arroxa unha excepción e throw indica o tipo de excepción que non manexa o método

b) throws úsase nos métodos e throw nos construtores

c) throws indica o tipo de excepción que non manexa o método e throw arroxa unha excepción

23 - Cal é a versión máis recente de Java en produción?

a) A 7

b) A 8

c) A 9

24 – O arquivo pom.xml é o arquivo de configuración de :

a) ant

b) gradle

c) maven

25 – Que é un bloque estático de código en Java?

a) Un bloque de código dentro dunha clase que se executa sempre que a clase se carga na JVM

b) Un bloque de código dentro dunha clase que se executa cando esa clase se carga por primeira vez na JVM

c) Un bloque de código dentro dunha clase que se executa sempre antes do construtor

26 – Cando en Java fago un método static consigo:

a) Que o método pertenza á clase, non a un obxecto

b) Que só poida acceder a datos static e chamar a métodos static e que poida ser accedido directamente polo nome da clase.

c) Todo o anterior é certo

27 - Temos a seguinte clase Java:

```
package gal.dacoruna.exemplo;
```

```
public class C {  
String v;
```

```
...  
}
```

A variable "v" pode ser accedida:

a) Desde calquera sitio pero só lectura si é fora do paquete

b) Desde a clase, o paquete

c) Desde a clase, o paquete, subclasses

28 – Queremos crear unha clase Java con variables membro que poidan ser accedidas, que opción elixirías como a mellor?

a) Variables membro públicas

b) Variables membro static

c) Variables membro privadas con getters e setters

29 - Para que se usa o patrón DTO?

a) Para implementar a capa de acceso a datos

b) Para intercambiar datos entre procesos

c) Para implementar a capa de presentación

30 - Para que se usa o patrón DAO?

a) Para implementar a capa de acceso a datos

b) Para intercambiar datos entre procesos

c) Para implementar a capa de presentación

31 - Cantos títulos ten a Constitución Española de 1978?:

a) Preliminar e dez títulos

b) Preliminar e doce títulos

c) Quince títulos

32 - En que título da Constitución se regulan os dereitos e deberes fundamentais?:

a) No seu título Preliminar

b) No seu título I

c) Na Disposición Adicional Primeira

33 - O procedemento xudicial de protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas caracterízase porque:

a) Compete ao Tribunal Supremo a súa tramitación

b) Só o pode iniciar o Defensor do Pobo

c) É preferente e sumario

34 - O persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por:

a) Funcionarios de carreira e persoal eventual

b) Persoal laboral e persoal eventual

c) Funcionarios de carreira, persoal laboral e persoal eventual

35 - A xornada laboral dos funcionarios de Administración Local será:

a) A que acorde o Pleno da Corporación

b) A que determine o Presidente da Corporación

c) A mesma, en cómputo anual, que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado

36 - As sancións pola comisión de faltas moi graves dos funcionarios prescriben:

a) Aos 3 anos

b) Aos 6 anos

c) Aos 5 anos

37 - Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, as mancomunidades de municipios son:

- a) **Entidades locais**
- b) Entidades comarcais
- c) Consorcios locais

38 - Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a organización provincial responde as seguintes regras:

- a) O Presidente, o Pleno e a Xunta de Goberno existen en todas as Deputacións
- b) O Presidente, os Vicepresidentes e a Xunta de Goberno existen en todas as Deputacións
- c) O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións**

39 - Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, corresponde ao Presidente da Deputación:

- a) O exercicio de atribucións que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asigne á Deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos**
- b) A declaración de lesividade dos actos da Deputación
- c) A formulación de conflitos de competencias a outras Entidades locais e demais Administracións públicas

40 - Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, é competencia da Deputación:

- a) A prestación dos servizos de secretaría e intervención en todos os municipios da provincia
- b) A prestación dos servizos municipais de prevención e extinción de incendios
- c) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes**

41 - A sentenza de SQL "DROP VIEW" ...:

- a) **En ningún caso afecta as táboas ou vistas a partir das cales se define a súa expresión de táboa**
- b) Destrúe todas as táboas a partir das cales se define a súa expresión de táboa só no caso de que se puxera a opción CASCADE na creación da vista
- c) Destrúe todas as táboas a partir das cales se define a súa expresión de táboa só no caso de que se puxera a opción WITH CHECK OPTION na creación da vista

42 - Que é un dicionario de datos?

- a) É un documento escrito acerca da terminoloxía que se utilizará nun sistema de información
- b) **O dicionario de datos, ou tamén chamado catálogo de datos, contén información que describe os datos da base de datos**
- c) É unha folla de cálculo acerca da terminoloxía que se utilizará nun sistema de información

43 - Que relación binaria correspondería as entidades "Pedidos-Artigos"?

- a) Varios a Varios
- b) **Un a Varios**
- c) Un a Un

44 - Dentro dos tipos de Sistema Operativo, o Multiproceso atópase no grupo:

- a) S.O. segundo o tempo de resposta
- b) S.O. segundo a súa estrutura
- c) **S.O. segundo o número de procesadores**

45 - Cal das seguintes listas enumera as capas de rede correctamente ordenadas?

- a) 1: Física
2: Ligazón de datos
3: Transporte
4: Rede
5: Presentación
6: Sesión
7: Aplicación
- b) 1: Física
2: Ligazón de datos
3: Rede
4: Transporte
5: Sesión
6: Presentación
7: Aplicación**
- c) 1: Física
2: Ligazón de datos
3: Rede
4: Sesión
5: Transporte
6: Aplicación
7: Presentación

46 - Como envía os paquetes a capa de rede desde a orixe ata o destino?

- a) Utilizando unha táboa de enrutamiento**
- b) Utilizando respostas ARP
- c) Referíndose a un servidor de nomes

47 - Cal dos seguintes son algoritmos usados en autenticación criptográfica?

- a) MD5
- b) SHA
- c) Os dous anteriores**

48 - Cal dos seguintes é un sistema criptográfico de clase pública?

- a) RSA**
- b) DDS
- c) PKS

49 - Cantos bits de lonxitude teñen as direccións Ipv6?

- a) 32
- b) 64
- c) 128**

50 - Cal das seguintes capas TCP/IP inclúe a transferencia de arquivos, e-mail, conexión remota e administración de rede?

- a) Transporte
- b) Aplicación**
- c) Rede

Preguntas de reserva.

1 - Segundo a Constitución Española vixente, están lexitimados para interpor o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional:

- a) Calquera persoa natural que invoque un interese lexítimo
- b) Calquera persoa xurídica que invoque un interese lexítimo
- c) **As dúas anteriores son correctas**

2 - Nos sistemas Windows, para coñecer a configuración da rede dun PC executaremos o comando:

- a) netconfig
- b) ipconfig**
- c) ifconfig

3 - Cales son as dúas partes dunha dirección IP?

- a) Dirección de rede e dirección de host**
- b) Dirección de rede e dirección MAC
- c) Dirección MAC e máscara de subred

4 - Cal destes non é un tipo de comunicación?

- a) Simplex
- b) Complex**
- c) Duplex

5 - Cal das seguintes non é unha implementación WAN?

- a) DSL
- b) RDSI
- c) Ethernet**